



## ÁNXELA GRACIÁN

### Profesora do obradoiro

Combino varias facetas profesionais, todas elas relacionadas coa palabra: son escritora de literatura infantil e xuvenil, son tradutora, editora e, ás veces, son crítica literaria ou imparto talleres sobre eses mundos fantásticos que viven dentro do papel.

Como escritora, escribín *Cos petos cheos de cinza*, o meu primeiro libro, publicado a finais dos anos 80. Neste conxunto de relatos intento achegarme a un modo de entender a literatura infantil aberto, sen marcas de idade, xa que esta literatura é aquela que tamén poder ler os máis pequenos. Gústame sentir a natureza, vivila dende dentro, por iso tendo sempre a convertela en coprotagonista nos meus relatos. Nese sentido hai que entender tamén a miña literatura. Así, en obras como *As bolboretas douradas* aparecen todos os animais que me fascinaron na infancia, que ao mesmo tempo é unha homenaxe aos debuxos animados que animaban as nosas tardes á volta da escola. O álbum *Camiño solitario* pretende ser unha aposta pola imaxinación e a presenza do sentido filosófico que se agocha tras de cada anécdota. En *Chis chisgarabís* intento dar conta de que a felicidade forma parte de todo proceso de busca. En *Nun lugar chamado Labirinto* redefino o concepto de memoria como o único que nos pode salvar da morte e do esquezo. En obras como *A toupiña cegarata* pretendo dotar de capacidades humanas aos animais, nun diálgo intertextual co tradicional xénero das fábulas. En todas as miñas obras hai un gusto polo maravilloso, o fantástico e unha trusgadela á literatura galega de tradición oral que me transmitiron os meus devanceiros.

Como tradutora dei voz a autoras e autoress como Margarita Yourcenar, Hugo Pratt, Jules Verne, ou autores galegos como Xosé A. Neira Cruz, An Alfaya, etc.

Como editora traballo en Sotelo Blanco Edicións, SA onde dirixo as coleccións de *Docxvintedous* (narrativa xuvenil), *Medusa* (narrativa para adultos) e *Arlequín* (teatro).

Como crítica escribo artigos e reseñas en revistas como *Fadamorgana*, *Viceversa*, *Etruria*, *revista inpediente de literatura juvenil*, *Peonza*, *Anuario de Estudos Galegos*, etc.

## Obra escrita

*Cos petos cheos de cinza*, Editorial Everest Galicia, S.L. (1998)  
*As bolboretas douradas*, Editorial Sotelo Blanco Edicións, S.L. (1999)  
*Eu tamén fun peliqueiro de Laza*, Editorial Everest Galicia, S.L. (2001)  
*Narradoras* (antoloxía colectiva), Edicións Xerais de Galicia, Colección Peto (2001)  
*Longa Lingua* (antoloxía colectiva), Edicións Xerais de Galicia (2002)  
*Chis chisgarabís*, Editorial Tambre Edelvives (2004), (Escollido pola Rede de selección de libros infantís e xuvenís da biblioteca Germán Sánchez Ruipérez)  
*A toupiña cegarata*, Editorial Galaxia, S.A. col. Árbore, serie azul (2005)  
*Nun lugar chamado laberinto*, Editorial Tambre Edelvives, col. Ala Delta, serie azul (2006)  
(White Ravens)  
"Ogra Pinta" en *Contos de Ogras, Aventuras e Piratas*, Colección Lagarto Pintado, Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, Xunta de Galicia (2006)  
*Camiño solitario*, Os duros de Galaxia, Editorial Galaxia, Vigo, 2006.  
*Pinga de choiva*, col. Merliño, Edicións Xerais de Galicia, 2009.  
*Carrapeto*, Editorial MacMillan, 2009.

## Obra traducida

*Memorias de Hadrián* de Marguerite Yourcenar, Edicións Positivas (1999)  
*Ciclo bis* de David Durán, Sotelo Branco (2000)  
*O trasno da catedral de Santiago* de Luisa Villar Liébana, Editorial Edelvives (2003)  
*As fontes do destino* de Blanca Álvarez, Editorial Tambre-Edelvives (2003)  
*O mundo de papá* de Elvire Murail, Editorial Tambre-Edelvives (2004)  
*As seitas*, publicado en BIVIR (2004)  
*A illa misteriosa* (Biblioteca BIVIR)  
*La estrella de siete puntas* de Xosé A. Neira Cruz, Grupo Anaya S.A. (2005)  
*La sombra descalza* de An Alfaya, Grupo Anaya S.A. (2006)  
*A balada do mar salgado* de Hugo Pratt, Editorial Galaxia (2006)